



BORRADOR

**I PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E
HOMES DO CONCELLO DA CAÑIZA**











Índice:

1.- PRESENTACION DO ALCALDE -----	9
2. INTRODUCCION-----	11
3. XUSTIFICACION-----	14
4. MARCO REFERENCIAL -----	18
5. SITUACION ACTUAL DA MULLER NO CONCELLO -----	22
5.1. CONTEXTUALIZACION-----	23
5.1.1. ORGANIZACION TERRITORIAL -----	23
5.1.2. POBOACION-----	25
5.1.3. ACTIVIDADE ECONOMICA-----	31
5.1.4. PARTICIPACION POLITICA -----	41
5.2. RECURSOS DO CONCELLO -----	44
5.2.1. CENTROS EDUCATIVOS-----	44
5.2.2. CENTROS SANITARIOS -----	46
5.2.3. SERVIZOS SOCIAIS-----	49
5.2.4. OCIO E TEMPO LIBRE -----	56
5.2.5. CULTURALS -----	59
5.2.6. OUTROS -----	60
6. AREAS DE ACTUACION -----	65
6.1. PARTICIPACION SOCIOPOLITICA E EMPODERAMENTO	66
6.2. EDUCACION EN IGUALDADE -----	70
6.3. INFORMACION E SENSIBILIZACION-----	73
6.4. FORMACION, EMPREGO E CONCILIACION DA VIDA PERSONAL, FAMILIAR E LABORAL -----	76
6.5. SAUDE INTEGRAL E PROMOCION DA INCLUSION SOCIAL -----	80
6.6. CULTURA, OCIO E DEPORTE-----	84
6.7. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE -----	87
7. AVALIACION DO PLAN-----	90



I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades



INTRODUCCION:

O principio de igualdade e non discriminación entre mulleres e homes está garantido polo noso marco constitucional sendo recollido na Constitución Española de 1978¹. Os poderes públicos a partir dese momento promoveron as condicións para que esta igualdade fora real e efectiva, removendo obstáculos que impedisen ou dificultasen a súa plenitude e facilitando a participación de todas as cidadás e cidadáns en todos os ámbitos da vida.

Na nosa Comunidade Autónoma intensificáronse nos últimos anos as políticas, programas e actuacións para propiciar unha participación igualitaria da muller na

¹ Art. 14: "Os españois son iguais ante a lei sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social"

sociedade e é así que neste intre o papel da muller na sociedade é realmente moi diferente ao que xogaba tan só vinte anos atrás. Efectivamente, a participación da muller nos diferentes ámbitos sociais, económicos ou culturais dá conta deste significativo avance.

Sen embargo, ao observar a realidade máis próxima, á práctica cotiá, pódese percibir que aínda que se conseguiu moito, queda tanto ou máis por acadar.

No momento actual pódese dicir que, aínda que existe unha igualdade formal, aínda non é real. Mulleres e homes non gozan na práctica, dos mesmos dereitos. A discriminación cara ás mulleres non é xa tan directa, pero segue existindo unha discriminación indirecta moito máis sutil e tamén máis difícil de erradicar, xa que se presenta como hábito e costume fortemente arraigados.

A infrarrepresentación das mulleres e a violencia contra elas, por pór soamente dous exemplos, pon de manifesto que continúa existindo unha discriminación por razón de sexo.

XUSTIFICACIÓN:

A igualdade de xénero parte do feito de aceptar e valorar as diferenzas entre mulleres e homes, considerando as necesidades, capacidades, habilidades e intereses tanto dunhas coma doutros e supón dotar á realidade social dun novo sentido partindo da dignidade, autoridade e responsabilidade compartida entre elas e eles.

Introducir esta perspectiva de igualdade de xénero en todas as actuacións políticas (principio de mainstreaming, recollido na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing e traducido como transversalidade) é o último reto que moitas administracións públicas se marcaron, entre elas o goberno da nosa Comunidade Autónoma, para consolidar unha nova sociedade que asegure e garanta

a participación de todas as persoas en condicións igualitarias en todas as funcións e en todos os sectores sociais.

A medida que nas políticas xerais se vai integrando o principio de igualdade, as actuacións dirixidas á muller iranse facendo cada vez menos necesarias, pero mentres persistan diferenzas tan visibles como as que se están a dar na actualidade, as accións positivas dirixidas a paliar estas desigualdades xogan un papel importante no proceso de eliminación de barreiras para o desenvolvemento persoal e social das mulleres.

O feito de elaborar estratexias, accións e plans para a igualdade supón impulsar o achegamento do potencial feminino, até épocas recentes silenciado, co conseguinte enriquecemento social que isto leva consigo. Supón tamén garantir o dereito das mulleres a

ser tratadas en condicións de igualdade, mellorar a situación de mulleres e homes e asegurar un futuro no que as persoas dun e doutro sexo teñan capacidade de elección en liberdade para o seu propio desenvolvemento, dándose así un beneficio para o conxunto da sociedade.

A lei de bases de réxime local atribúe aos concellos a función de realizar actividades e prestar servizos que contribúan a satisfacer as demandas e as necesidades dos seus habitantes, incluíndo a promoción da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes do seu concello.

A Administración Local resulta idónea para levar a cabo esta política xa que é a máis próxima ao cidadán. A súa iniciativa pode servir de estímulo e de modelo ás actuacións doutras entidades tanto públicas como

privadas e é no ámbito local onde se coñecen con maior profundidade as necesidades da poboación e os recursos cos que conta.

Por todas estas razóns o concello da Cañiza asume o compromiso político de traballar pola igualdade de oportunidades e elabora este I plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que terá unha vixencia de tres anos.

É este un Plan ambicioso xa que formula 58 actuacións en 7 áreas de intervención e ao mesmo tempo realista, xa que parte da realidade da grande potencialidade de desenvolvemento que existe no concello.

MARCO REFERENCIAL:

1. No ámbito internacional:

Acordos adoptados na IV conferencia Mundial sobre a muller que tivo lugar en Beijing (China) en Setembro de 1995. Os gobernos participantes de 189 países comprometéronse a desenvolver programas encamiñados a eliminar atrancos que dificultasen a participación activa das mulleres en todas as esferas da vida pública e privada.

2. No ámbito da Unión Europea:

Estratexia marco comunitaria sobre a igualdade entre mulleres e homes 2001-2005, onde se propicia un enfoque dual:

- Por unha banda impúlsase o principio de transversalidade ou mainstreaming xa adoptado no 96, segundo o cal "integrárase o

obxectivo da igualdade en todas as políticas que teñan repercusións directas ou indirectas nas mulleres ou nos homes. No deseño e aplicación de todas as políticas hai que ter en conta as preocupacións, necesidades e aspiracións das mulleres na mesma medida que as dos homes”.

- Por outra banda e paralelamente á transversalidade, a persistencia da desigualdade segue esixindo a aplicación de medidas específicas a favor das mulleres.

3. No ámbito estatal:

“IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mujeres y Hombres 2003-2006”, aprobado o 7 de Marzo de 2003 polo Consello de Ministros.

As áreas que vertebran este plan son: mainstreaming, vida económica, toma de decisións,

calidade de vida, fomento da igualdade na vida civil, valores e actitudes igualitarios, conciliación da vida familiar e laboral e cooperación.

4. No ámbito autonómico:

- "IV Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Comunidade Autónoma de Galicia 2002-2005", que tamén recolle o principio de mainstreaming e se estruturan nas seguintes áreas: cooperación, participación sociopolítica e empoderamento, educación en igualdade, información, sensibilización e medios de comunicación, formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral, saúde integral e promoción da inclusión social, cultura, ocio e deporte e desenvolvemento sostible.

- Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes (7/2004 de 16 de xullo). En dous títulos esta lei establece diversas medidas de defensa da igualdade entre mulleres e homes e regula os aspectos da tutela antidiscriminatoria no emprego público galego.

5. No ámbito municipal:

Proxecto de elaboración do I PIOM do Concello da Cañiza 2004, do que este I Plan Municipal é consecuencia.

**INFORMACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL
DA MULLER NO CONCELLO Da CAÑIZA**

CONTEXTUALIZACION

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

O concello da Cañiza forma parte da comarca da Paradanta. Sitúase no sur de Galicia, ao sueste da provincia de Pontevedra a onde administrativamente pertence.

Linda polo norte cos concellos de Covelo e Melón, este último da provincia de Ourense, polo sur, con Crecente, Arbo e As Neves, e polo oeste cos concellos de Salvaterra do Miño, Mondariz e Covelo.


A extensión do concello é de 108,1 km², representando un 2,41% da superficie da provincia de Pontevedra e o 0,36% da de Galicia.

O concello da Cañiza está dividido en nove parroquias:

- ⇒ Achas (S. Sebastián)
- ⇒ A Cañiza (Santa Tereixa)
- ⇒ O Couto (S. Bartolomeu)
- ⇒ A Franqueira (Santa María)
- ⇒ Luneda (Santa María)
- ⇒ Oroso (Santa María)
- ⇒ Parada de Achas (Santiago)
- ⇒ Petán (S. Xulián)
- ⇒ Valeixe (Santa Cristina)

POBOACION²

Nos datos do padrón municipal, de data agosto 2005, rexístranse un total de 6959 habitantes, repartidos entre as nove parroquias dun xeito moi desigual e en xeral dunha forma moi dispersa. Contabilízanse no concello 265 entidades de poboación.




² Datos procedentes do Servizo do Padrón Municipal (Agosto 2005)


Dúas parroquias: Valeixe e A Cañiza teñen máis de 1.000 habitantes cada unha (1948 A Cañiza e 1299 Valeixe) e, xunto con Achas, que ten 920, reúnen a meirande parte da poboación empadroada no concello.

Dáse no concello unha maior proporción do sexo feminino, en maior ou menor medida, sobre o masculino en canto ao número de habitantes totais, sendo na parroquia da Franqueira onde se atopa a maior diferenza porcentual a favor das mulleres. No extremo oposto sitúanse Petán e Oroso, con igualde no número de mulleres e homes no caso de Oroso, e maior número de homes no caso de Petán.

PORCENTAXE DE POBOACION FEMININA E MASCULINA NO CONCELLO





PARROQUIAS	MULLERES	HOMES	TOTAL
ACHAS	491	429	920
A CAÑIZA	991	957	1948
O COUTO	274	261	535
A FRANQUEIRA	162	137	299
LUNEDA	139	133	272
OROSO	213	213	426
PARADA	378	324	702
PETAN	274	284	558
VALEIXE	694	605	1299
TOTAL	3616	3343	6959



A idade media da poboación do concello sitúase ao redor dos 48 anos. É unha idade, que nos indica que o habitante medio do concello ten un certo grao de madurez. Pero esta afirmación non é exclusiva do concello, senón que máis ben é un trazo corrente da sociedade galega actual.

A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as parroquias, nalgunhas dunha forma máis acusada que noutras. Isto responde a diversos factores, pero pódese dicir que o máis influínte será o feito de que as mulleres teñen una esperanza de vida maior.





A meirande parte dos habitantes do concello, o 97,82% teñen como lugar de nacemento o estado español, as persoas estranxeiras supoñen tan so o 2,18% de toda a poboación.

ACTIVIDADE ECONOMICA:

Segundo datos do 2002³ a distribución da poboación activa por sectores no concello da Cañiza era:

- Sector Primario 29%
- Sector Secundario 29%
- Sector Terciario 42%

En canto a poboación activa ocupada por sexo:

- Mulleres 39%
- Homes 61%


A poboación activa en situación de paro está a experimentar una lenta aínda que continua baixada que se espera continúe así a curto prazo.

³ Fonte: Publicación "A Cañiza", Deputación de Pontevedra, de Guillermo Rodríguez e outros, 2002.

Sen embargo o paro nas mulleres segue nalgúns intres unha liña crecente debido por unha banda a que máis homes acceden ao mercado de traballo, e por outra, a que cada vez máis mulleres se apuntan ao paro.


A franxa de idade na que hai máis mulleres paradas sitúase entre os 20 e os 40 anos, xa que mulleres de máis idade non son quen de apuntarse na oficina de demanda de emprego.

Evolución do paro rexistrado no concello segundo sexo ao longo dos trimestres dos anos 2003 e 2004⁴:



⁴ Fonte: "Tendencia de emprego (Trimestral)" da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, Xunta de Galicia.

Evolución do paro rexistrado no concello segundo sexo ao longo dos sete primeiros meses de 2005⁵.



Rexistro de contratos laborais na Cañiza nos anos 2003/2004⁵:



Tipo de contrato	2003	2004
Contratos indefinidos ordinarios	19	13
Contratos indefinidos de fomento de emprego	22	16
Contratos de obra e servizo	186	249
Contratos eventuais por circunstancias de produción	290	282
Contratos de interinidade	17	15
Contratos temporais de inserción	38	24
Contratos en prácticas	4	6
Contratos para a formación	16	23
Contratos de relevo	2	0
Contratos de xubilación parcial	1	0
Outros contratos	17	27
Total	612	655

⁵ Fonte: "Rexistro de contratos laborais" da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo, Xunta de Galicia.

A principal característica do mercado de traballo no concello é o descenso dos traballadores independentes e o aumento dos asalariados que duplican a porcentaxe con respecto á década anterior como resultado dos cambios producidos no medio laboral polo trasvase de poboación dende o sector primario ao secundario e terciario.

Isto é especialmente significativo no caso da muller que normalmente no subsector servizos traballa por conta allea, excepto no comercio no que son maioría as autónomas.


I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades



- | | |
|-------------------|---------------------------|
| 1.- Hostalaría | 8.- Gasolineiras |
| 2.- Comercio | 9.- Transporte |
| 3.- Alimentación | 10.- Automóbil |
| 4.- Banca | 11.- Farmacias e clínicas |
| 5.- Asesorías | 12.- Perruquerías |
| 6.- Inmobiliarias | 13.- Outros privados |
| 7.- Electricidade | |

As mulleres do concello traballan maioritariamente no subsector servizos, desenvolvendo a súa actividade principalmente na hostalaría, o comercio e a alimentación.

No que respecta aos servizos da rama pública, as mulleres son maioría no ensino e non teñen presenza na garda civil.



Na industria e construción traballan maioritariamente homes, dedicándose as escasas mulleres a labores administrativos.

No polígono industrial da Cañiza traballan sobre todo varóns.

Nas empresas situadas nas instalacións do antigo *Campo da Feira* da Cañiza traballan sen embargo máis

mulleres salientando a fábrica de curte e confección e a cooperativa Electryclay que ocupa dúas naves e se adica á carpintería de madeira e aluminio. Ambas están integradas exclusivamente por mulleres.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA

No que respecta a participación política, nas últimas eleccións municipais do 2003 presentáronse 14 mulleres, 16 se temos en conta as suplentes, nas listas das diferentes formacións políticas:

CANDIDATURAS	Nº CANDIDATAS	Nº CANDIDATOS
PARTIDO POPULAR (P.P.)	4 +2 SUPLENTE	9 + 1 SUPLENTE
PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (P.S. de G. - P.S.O.E)	5	8 +3 SUPLENTE
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.)	5	8 + 1 SUPLENTE

Nos órganos da Administración local, cómpre sinalar que en canto aos órganos políticos, as mulleres participan tanto no Pleno (tres dun total de 13 membros) coma na Comisión de Goberno (unha dun total de 5 membros), estando as Concellerías de Industria e Emprego e a de Educación e Cultura encabezadas por mulleres (dúas mulleres concelleiras).

I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades

ORGANOS UNIPERSOAIS/COLEXIADOS	MULLERES	HOMES
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO		1
TENENTES DE ALCALDE	1	3
CONCELLEIROS/AS	2	7
ALCALDES DE BARRIO		24
PLENO	3	10
GRUPO DE GOBERNO	2	7
GRUPO DA OPOSICIÓN	1	3
COMISIÓN DE GOBERNO	1	4
COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, URBANISMO, PERSOAL E ASUNTOS VARIOS	1	6
COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.	2	5

RECURSOS DO CONCELLO

CENTROS EDUCATIVOS

A oferta educativa do concello inclúe todos os niveis establecidos no ensino non universitario: infantil, primario, secundario obrigatorio e secundario postobrigatorio. Para cubrir estes treitos educativos funcionan no concello tres centros docentes:

- ⇒ C.P.I. Centro Público Integrado da Cañiza. No que se da ensino infantil, ensino primario e ensino secundario obrigatorio.
- ⇒ C.E.I.P. Colexio de Educación Infantil e Primaria de Valeixe.
- ⇒ I.E.S. Instituto de Ensino Secundario da Cañiza. Neste Instituto ademais da ensinanza regrada dánse:

- Oferta modular da Formación Profesional, que permite obter un título de formación profesional harmonizando os estudos e o traballo ou os estudos e a vida familiar.
- ESPA (Educación de Adultos), este pendente de autorización, que permite obter o título de ESO a maiores de 18 anos.

A APA Sta. Teresa organiza diferentes actividades deportivas, tendo especial relevancia ADECA, escola de fútbol.

En canto ao ensino non oficial existe unha academia privada que dá clases de informática.

CENTROS SANITARIOS

A Cañiza pertence á Area de Saúde de Vigo-Sur, polo que os seus habitantes teñen como hospital de referencia o Hospital do Meixoeiro, situado en Vigo, para recibiren atención Sanitaria Especializada. Para a atención primaria o Concello conta con:

- ⇒ Centro de saúde da Cañiza
- ⇒ Consultorio de Valeixe

Os servizos ofrecidos no Centro de Saúde da Cañiza son:

- Servizos Básicos:
 - Medicina Xeral
 - Pediatría
- Servizos Apoio:
 - Odontoloxía
 - Farmacia
 - Fisioterapia

- Traballo Social
 - Radioloxía
 - Extracción Periférica
 - Servizos Administrativos
 - Aplicación Informática: Cita Previa
 - Urgencia: Punto de Asistencia Continuada

En canto aos recursos humanos o centro conta con: 4 médicos, 1 pediatra, 5 ATS/DUE, 1 celador, 1 auxiliar de enfermería e 2 administrativos. Dentro dos servizos de apoio especiais, conta con 1 farmacéutico, 1 odontólogo, 1 asistente social, 1 fisioterapeuta y 1 técnico especialista.

No consultorio de Valeixe situado a 6 km. do centro de saúde, ofrecense os seguintes servizos:

- Servizos Básicos:
 - Medicina Xeral

- Extracción Periférica
- Aplicación Informática: Cita Previa

Os recursos humanos cos que conta son 1 Médico e 1 ATS/DUE.

A meirande parte de consultas de especialidade do Concello aténdense no Hospital do Meixoeiro, excepto alergoloxía e pediatría, no Hospital Xeral de Vigo, obstetricia no Centro de Especialidades de Coia en Vigo, e dixestivo e siquiatría no Centro de Especialidades da Dobrada en Vigo.

As unidades de orientación familiar, atención aos drogodependentes e saúde mental tamén se atopan en Vigo.

Existen no concello 3 farmacias, 2 na Cañiza e 1 en Valeixe. A Cañiza tamén conta con servizo de óptica e dous días á semana traballa un odontólogo.

SERVIZOS SOCIAIS

Servizos sociais de atención primaria:

Formado por un equipo de atención primaria no que se integran 1 traballadora social, 1 auxiliar administrativo, 1 educadora familiar e 3 auxiliares de axuda a domicilio.

Os programas que se desenvolven na actualidade son:

Programa de Orientación, Asesoramento e Información:

Ten por obxectivo informar aos cidadáns do concello sobre os dereitos e recursos en materia de servizos

sociais, así como orientar e asesorar as persoas e grupos afectados por problemáticas específicas, diagnosticar a situación e derivalos, se é necesario aos servizos sociais de atención especializada.

Este programa posibilita a atención integral á poboación, en especial aos sectores carentes de recursos persoais e/ou socioeconómicos, permite previr as desigualdades que conducen á marxinación social, posibilitando a cobertura dos problemas sociais que a poboación formula, garante unha información apropiada a todos os cidadáns sobre os seus dereitos e recursos sociais existentes, promovendo así as condicións de igualdade entre os individuos, e profundiza sobre a idoneidade dos recursos, prestación, etc...

Programa de Axuda no Fogar:

O servizo de axuda no domicilio está dirixido ás persoas do concello que presenten disfuncións ou discapacidades que limiten a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que teñan dificultades para acadar o seu benestar físico, social e psicolóxico e carezan de medios económicos suficientes para obter outros tipos de axudas, prestándolles unha serie de atencións ou cuidados de carácter persoal, sico-social e educativo, doméstico e técnico, e proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu contorno natural, mentres iso sexa posible e conveniente.

Esta prestación supón prestar:

- Atención doméstica: Actividades e tarefas que se realizan de forma cotiá no fogar relacionadas coa alimentación, roupa, limpeza e mantemento da vivenda.

- Atención de carácter persoal: Actividades relativas a facilitar apoio social e afectivo, compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e apoio á mobilización no fogar.
- Atención sico-social e educativa: Consistente no apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a integración na comunidade, así como apoio á estrutura familiar.
- Atención de carácter técnico e complementario: Xestións ou actuacións para o funcionamento do servizo ou para a súa continuidade en condicións axeitadas.

Programa de inserción social:

Ten como obxectivo a prevención das situacións de marxinación e as súas causas, a integración e a participación no medio social das persoas e os grupos

mais desfavorecidos, afectados polas diferentes formas de exclusión e marxinación social.

Programa de fomento da cooperación social:

O obxectivo é facilitar a participación das persoas nas tarefas colectivas tendentes a que sexa a propia comunidade a que asuma as problemáticas e busque canles de solución, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado.

Programa de convivencia alternativa:

Oferta aloxamento alternativo a aquelas persoas en situación de emerxencia persoal ou familiar cando non sexa posible a permanenza no propio fogar ou este non exista.

Programa de apoio á unidade familiar:

Ten como obxectivos mellorar a autoorganización do núcleo familiar facilitándolle ás familias a adquisición de habilidades de atención, coidado e educación necesarias para o axeitado desenvolvemento dos menores así como asesoramento e orientación.

Programa Preescolar na casa:

Busca orientar directamente ás familias a través de xuntanzas periódicas e da realización de distintas actividades motivando as ditas familias na participación e goce dos servizos disponibles no seu contorno.

Centro Social de Día: Centro situado na Travesía do Mercado da Cañiza, que ofrece os seguintes servizos: sala de lectura, cafetería, sala de xogos, sala de xuntanzas. Realízanse tamén charlas e cursiños e cédense locais para asociacións. Neste Centro reúnese

a "Asociación de Xubilados e Pensionistas Santa Teresa da Cañiza".

Servizos Sociais Especializados: No Sobreiro, Valeixe, atópanse a Residencia Nosa Señora do Rosario, pertencente á Fundación San Rosendo. Trátase dun centro residencial para maiores cunha capacidade de 50 prazas.

Centro de atención á infancia: Situado na casa da cultura, con capacidade para 30 nenos. Consta de dúas aulas e unha ampla sala de xogos. Funciona cun horario de 08:30 h. a 20:00 h. Traballan nela a directora e tres coidadoras. Dependendo da disponibilidad o servizo refórzase con traballadores do Plan Labora. Na actualidade estase a construír un novo edificio no que se situará este Centro, e que terá capacidade para 50 nenos.

Oficina Municipal de Información Xuvenil: Situada no primeiro andar da casa da cultura, emite carné xove, organiza diferentes cursiños ao longo do ano, etc...

A Concellería de Deportes organiza campamentos urbanos todos os veráns para rapazas e rapaces entre 6 e 14 anos

De carácter privado existe unha xogoteca, posta en marcha con subvención do Centro Comarcal A Paradanta, situada na rúa Otero Pedrayo na Cañiza.

OCIO E TEMPO LIBRE

⇒ Instalacións deportivas:

- Piscina climatizada da Cañiza, composta de Piscina Olímpica e Vaso de Aprendizaxe, onde se dan cursiños de

natación. Conta tamén cun pequeno ximnasio.

- Piscina ao aire libre na Zona Carballo do Marco
- Pistas de tenis na Zona Carballo do Marco
- Pavillón polideportivo na Zona Carballo do Marco
- Campo de Fútbol municipal do Vieiro, A Cañiza
- Campo de Fútbol de Randufe
- Campo de Fútbol do Couto
- Campo de Fútbol de Valeixe
- Pavillón polideportivo de Valeixe
- Campo de Fútbol 7, A Cañiza
- Campos de Fútbol (dous) das Augas Férreas

⇒ Areas recreativas:

- Na parroquia de Parada: O Feirón, Peña de Francia e a praia fluvial de Ferredo
- Na parroquia de Valeixe: Santo Cristo da Miranda, Miñoteira, Ibia, Castro e Pintelos.
- Na parroquia da Cañiza: Carballeira do Cacharado, Zona Carballo do Marco (con cámping municipal)
- Area recreativa de Fontefría
- Area recreativa de Folgoso
- Os Bidueiros en Franqueira

⇒ De carácter privado:

- Club hípico "Resero" con clases de equitación, clases de doma e salto, paseos a cabalo e residencia equina.
- Piscina ao aire libre en "O Pozo".

- Ximnasio, con aulas de aerobio e musculación.

CULTURAIS

- ⇒ Biblioteca municipal, situada no edificio do Concello, está dotada con cerca de 8.000 volumes. Ten servizo de préstamo de DVD e conta tamén con 3 postos de ordenador con servizo gratuito de acceso a Internet.
- ⇒ Casa da cultura e xuventude, dotada cun auditorio polivalente con capacidade para 230 persoas, múltiples salas dedicadas a dar cursos, unha sala de usos múltiples e exposicións e salóns de xogos: billar, tenis de mesa, xogos de mesa, educativos, etc...
No primeiro andar atópanse a oficina municipal de información xuvenil O.M.I.X, e o Centro de Atención á Infancia.

Nesta casa desenvólvense tamén cursiños de ximnasia subvencionados polo concello.

- ⇒ Outras casas dedicadas á cultura e ao ocio, ademais de servir de sedes para realizar reunións de veciños, charlas divulgativas, etc... nos lugares de Cebreiro, Valeixe, Luneda, Couto, Achas, Petán, Oroso, Pintelos (Valeixe), O Feirón e Folgoso (Parada).

OUTROS

ASOCIACIÓNS

- ⇒ Chorima, Asociación de Mulleres Rurais.
- ⇒ Asociación de Xubilados e Pensionistas Santa Teresa da Cañiza .
- ⇒ Asociación Cultural e Deportiva Santa Cristina de Valeixe.
- ⇒ Aires de Fontefría en Achas

- ⇒ Coral Polifónica A Cañiza.
- ⇒ Asociación Cultural "As Charaviscas" da Cañiza.
- ⇒ Asociación de Mulleres Rurais "Sta. María" da Franqueira.

SERVIZO DE TRANSPORTE

Non existe transporte público que enlace as distintas parroquias do concello. Funciona servizo de taxis.

SEGURIDADE CIDADÁ

- Policía Local, integrada por 1 policia.

CENTRO COMARCAL A PARADANTA

Pertencente á rede de Centros Comarcais de Galicia, ten a súa sede na Cañiza.

Dispón de Salas de uso gratuíto para calquera colectivo ou empresa:

- Sala de xuntanzas, con capacidade para 16 persoas.
- Sala de actos, con capacidade para 35 persoas, con TV, video, retroproyector, proyector de diapositivas, etc...
- Sala de video, con capacidade para 8 persoas.
- Sala de exposicións temporais, a disposición de calquera artista ou artesán que queira expoñer as súas obras.

Contan tamén cun servizo gratuíto de organización de rotas pola Comarca da Paradanta.

Neste mesmo centro atópanse a Fundación Comarcal e ADRICONPA.

A Fundación Comarcal téñ os seguintes servizos:

- Apoio ás iniciativas locais.
- Información sobre programas de desenvolvemento local.
- Revalorización dos recursos comarcais.
- Promoción da artesanía local.
- Promover investimentos e atraer visitantes.
- Centro telemático comarcal: CETADEC.
- Internet, videoconferencia, correo electrónico.
- Información interactiva, Xunta de Galicia.

ADRICONPA, Asociación para o Desenvolvemento Rural Integrado das comarcas do Condado e Paradanta, é un programa de iniciativa comunitaria Leader, que ten como obxectivo desenvolver as zonas rurais aproveitando os seus propios recursos tanto humanos como naturais, subvencionando para isto

proxectos no territorio das dúas comarcas: O Covelo, A Cañiza, Crecente, Arbo, As Neves, Mondariz, Salvaterra, Pontearreas, Salceda de Caselas e Mondariz Balneario.

INEM

A oficina de emprego da Cañiza sitúase na Rúa Progreso, 51, conta cun orientador laboral, e comprende funcionalmente a área da Paradanta.

CAISS

Centro de Atención e Información da Seguridade Social, situado na Travesía do Mercado, s/n, ten como función a xestión e administración das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social.

OMIC

Oficina de información sobre dereitos do Consumidor.

AREAS DE ACTUACIÓN

ÁREA 1.-

PARTICIPACIÓN SOCIOPOLÍTICA E EMPODERAMENTO.

OBXECTIVO 1.1.

- ❖ Posibilitar a transversalidade da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todas as políticas da Administración do concello da Cañiza.

Actuacións:

- 1.1.1. Garantir o uso da linguaxe non discriminatoria en todos os textos legais, impresos e folletos que se elaboren dende o concello, utilizando para isto guías como pode

ser a editada polo Servizo Galego de Igualdade "Recomendacións para unha linguaxe non discriminatoria na Administración Pública".

- 1.1.2. Velar pola inclusión da variable sexo en todos os estudos e estatísticas que se elaboren no concello.
- 1.1.3. Introducir contidos específicos de xénero nos cursos de reciclaxe do persoal do concello.
- 1.1.4. Organizar xornadas de formación en igualdade de oportunidades para persoal técnico do concello.
- 1.1.5. Promover a colaboración entre as persoas responsables dos diferentes Departamentos Municipais, a fin de incorporar nas súas actuacións a perspectiva de xénero, de xeito

que o principio de igualdade impregne de forma transversal a todas elas.

- 1.1.6. Incluir nomes de mulleres no roteiro municipal, a fin de visibilizar a importancia das súas achegas ao longo da historia.

OBXECTIVO 1.2.

- ❖ Promover o asociacionismo feminino.

Actuacións:

- 1.2.1. Realizar unha actividade formativa sobre xestión e organización de asociacións de mulleres.
- 1.2.2. Apoiar a creación de novas asociacións de mulleres prestando o asesoramento axeitado.

- 1.2.3. Apoiar o mantemento e a dinamización das Asociacións de Mulleres xa existentes mediante subvencións e asesoramento.
- 1.2.4. Facilitar o acceso a espazos e medios pertencentes ao concello para a celebración de reunións e actividades de asociacións e grupos de mulleres.

Áreas implicadas:

Áreas de Persoal e Cultura

ÁREA 2.-

EDUCACION EN IGUALDADE

OBXECTIVO 2.1.

- ❖ Potenciar a educación en igualdade de oportunidades.

Actuacións:

- 2.1.1 Colaborar coas asociacións de pais de alumnos do concello para a realización de xornadas formativas sobre o tema da igualdade.
- 2.1.2 Facilitar anualmente á Biblioteca Municipal e as dos Centros Educativos a "Guía de literatura infantil e xuvenil non

discriminatoria" da Xunta que recomenda libros dende prelectorado (de 0 a 7 anos) até a mocidade (a partir de 14 anos)

- 2.1.3 Facilitar libros dos incluídos na devandita Guía no punto anterior ás Bibliotecas do concello.
- 2.1.4 Difundir nos centros escolares propostas didácticas que incidan na igualdade de xénero.

OBXECTIVO 2.2.1.

- ❖ Dinamizar o principio de igualdade de oportunidades no proceso de formación e capacitación de persoas adultas.

Actuacións:

- 2.2.1 Desenvolver cursos de alfabetización fomentando a asistencia de mulleres.
- 2.2.2 Desenvolver cursos específicos para a terceira idade (Obradoiro de memoria, xerontoximnasia, etc...) fomentando a asistencia de mulleres.
- 2.2.3 Desenvolver cursos de "habilidades sociais" para mulleres e homes.
- 2.2.4 Desenvolver cursos para homes en áreas tradicionalmente reservadas a mulleres, como pode ser "Curso de cociña para homes"

Áreas implicadas:

Áreas de Educación e Cultura.

ÁREA 3.-

INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

OBXECTIVO 3.1.

- ❖ Posibilitar que as mulleres dispoñan de información suficiente sobre os seus dereitos e os recursos existentes.

Actuacións:

- 3.1.1. Estudiar a posibilidade de crear un Centro de Información as mulleres ben no ámbito municipal ben no comarcal.
- 3.1.2. Distribuír e difundir dende o concello a "Guía de recursos para as mulleres galegas"

- 3.1.3. Continuar facilitando información dende o equipo de atención primaria.

OBXECTIVO 3.2.

- ❖ Sensibilizar á poboación do concello sobre a situación de desigualdade que sofren as mulleres.

Actuacións:

- 3.2.1. Organizar unha conferencia anual, coincidindo co día da muller sobre a temática de xénero.
- 3.2.2. Distribuír e difundir dende o concello tróxicos, carteis, etc... do Servizo Galego de Igualdade.

- 3.2.3. Establecer a nivel municipal a celebración do día 25 de Novembro, xa instituído internacionalmente como día contra a violencia de xénero.

Áreas implicadas:

Áreas de Servizos Sociais e de Persoal.

ÁREA 4.-

FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

OBXECTIVO 4.1.

- ❖ Promover a formación das mulleres co fin de favorecer a súa incorporación e continuidade no mercado laboral e mellorar as súas oportunidades de emprego.

Actuacións:

- 4.1.1. Analizar o mercado de traballo do concello para avaliar as oportunidades de emprego.

- 4.1.2. A partir da avaliación do punto anterior organizar cursos axeitados dentro do Plan FIP.
- 4.1.3. Organizar un obradoiro de orientación e emprego para mulleres.
- 4.1.4. Incentivar ás empresas para que faciliten ás mulleres a realización de prácticas e a incorporación ao mundo laboral.
- 4.1.5. Informar periodicamente as empresas da zona dos diferentes programas, axudas, incentivos, subvencións, etc..., de Emprego (medidas activas de emprego) do Servizo Público de Emprego.

OBXECTIVO 4.2.

- ❖ Promover o desenvolvemento e adecuación dos servizos e recursos sociocomunitarios que

permitan que as mulleres e os homes compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa actividade profesional.

Actuacións:

- 4.2.1. Estudiar a posibilidade de introducir servizo de transporte con recollida no rural para a gardería en construción.
- 4.2.2. Crear un servizo de proximidade para a atención á infancia no rural.
- 4.2.3. Potenciar as actividades lúdico educativas dirixidas a nenas e nenos fóra do horario escolar e durante o período vacacional.
- 4.2.4. Establecer prazas de día para persoas dependentes, persoas maiores, enfermas ou discapacitadas, onde poidan pasar algunhas horas en centros xa existentes (Residencia

Nosa Señora do Rosario en Valeixe, Centro Social de Día da Cañiza) ou de nova creación.

4.2.5. Aumentar a asistencia domiciliaria.

Áreas implicadas:

Áreas de Industria, Emprego, Educación e Servizos Sociais.

ÁREA 5.-

SAÚDE INTEGRAL E PROMOCIÓN DA INCLUSIÓN SOCIAL

OBXECTIVO 5.1.

- ❖ Potenciar e impulsar hábitos de vida saudable nas mulleres.

Actuacións:

- 5.1.1. En colaboración cos centros de saúde, organizar un ciclo de charlas de carácter trimestral, nas que se traballen temas como: cancro de mama, planificación familiar, enfermidades crónicas, menopausia, etc...

- 5.1.2. En colaboración cos centros educativos organizar charlas para educar de cara a prever transtornos relacionados coa alimentación, anorexia e bulimia.
- 5.1.3. En colaboración cos centros educativos organizar charlas para contribuír á eliminación de hábitos tóxicos para a saúde, como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.
- 5.1.4. En colaboración cos centros educativos organizar charlas para prever embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.

OBXECTIVO 5.2.

- ❖ Potenciar a atención a mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social.

Actuacións:

- 5.2.1. A través do equipo de atención primaria seguir detectando casos de risco.
- 5.2.2. Priorizar a entrada nos servizos do concello das mulleres vítimas da violencia de xénero ou en situación de risco.
- 5.2.3. Realizar unha reunión anual cos axentes de seguridade do concello para sensibilizalos acerca da violencia de xénero.
- 5.2.4. Elaboración dun cartón-directorio dos servizos e recursos relacionados coa problemática da violencia de xénero, para a súa difusión na poboación en xeral.
- 5.2.5. Aumentar os mecanismos de comunicación entre Centro de Saúde e Servizos Sociais do

Concello para poder facer un seguimento dos casos de risco

Áreas implicadas:

Áreas de Sanidade, Educación, Cultura, Xuventude e Servizos Sociais.

ÁREA 6.-

CULTURA, OCIO E DEPORTE.

OBXECTIVO 6.1.

- ❖ Favorecer o acceso e participación das mulleres nas distintas actividades culturais, de ocio e tempo libre.

Actuacións:

- 6.1.1. Establecer unha sección especializada de xénero na biblioteca municipal.
- 6.1.2. Fomentar a creación dun club de lectoras.
- 6.1.3. Apoiar a realización de viaxes culturais.

- 6.1.4. Establecer un premio especial de xénero no concurso anual de conto curto que se realiza no concello.

OBXECTIVO 6.2.

- ❖ Fomentar a práctica deportiva.

Actuacións:

- 6.2.1. Realizar unha xornada anual de portas abertas na piscina municipal facendo publicidade en todas as parroquias.
- 6.2.2. Facer una campaña estimulando a formación de grupos de camiñantes.
- 6.2.3. Seguir subvencionando cursos de ximnasia, engadindo outros novos como poden ser de ioga o tai-chi.

Áreas implicadas:

Áreas de Cultura e Deportes

ÁREA 7.-

DESENVOLVEMENTO SOSTENIBLE.

OBXECTIVO 7.1.

- ❖ Promover a transformación do contorno de modo que garanta unha maior calidade de vida.

Actuacións:

- 7.1.1. Seguir potenciando a redución e a reciclaxe dos residuos domésticos no fogar engadindo o elemento de corresponsabilidade de mulleres e homes na realización de tarefas no fogar.

- 7.1.2. Mellorar a rede de transporte público entre as diferentes parroquias e o núcleo urbano buscando servizos alternativos.
- 7.1.3. Elaborar un plan de eliminación de barreiras arquitectónicas que posibilite a accesibilidade a todas aquelas persoas con mobilidade reducida.
- 7.1.4. Mellorar e aumentar as áreas de lecer para nenos tanto no núcleo urbano como nas parroquias.

OBXECTIVO 7.2.

- ❖ Incorporar a perspectiva de xénero no deseño de políticas medioambientais e urbanísticas que possibiliten o desenvolvemento sostible.

Actuacións:

- 7.2.1. Realizar actividades formativas sobre medio ambiente, reciclaxe, etc...
- 7.2.2. Facer un estudio no concello buscando as posibles iniciativas empresariais relacionadas co ambiente natural e coa promoción do patrimonio cultural que puideran ser rendibles.
- 7.2.3. Facer unha campaña divulgativa das rotas de sendeirismo existentes no concello.
- 7.2.4. Facer unha campaña para volver utilizar as tradicionais bolsas da compra e así evitar a utilización de bolsas de plástico.

Áreas implicadas:

Áreas de Medio Ambiente, Recollida de Lixo, Emprego, Xuventude e Parques e Xardíns.



AVALIACION DO PLAN

Utilizarase unha ficha de recollida de información para cada unha das actividades que se realicen (Anexo I).

Esta ficha será cuberta pola persoa responsable da mesma.

Ao acabar cada un dos anos de vixencia deste PIOM avaliarase o grao de realización dos obxectivos marcados a partir das fichas de actividade realizadas nese ano, e elaborárase un informe onde se reflectirá a pertinencia, eficacia e utilidade das accións levadas a cabo.

Ao finalizar o terceiro ano, fin de vixencia deste PIOM, elaborárase un informe final que incluirá:

- Avaliación cuantitativa: contabilización de actuacións iniciadas, non iniciadas ou sen finalizar, con número de poboación beneficiaria.
- Avaliación cualitativa: Opinión das beneficiarias e dos diferentes organismos implicados,
- Propostas para mellorar o deseño de plans posteriores.

ANEXO I

Ficha de recollida de información para a avaliación do I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades da Muller da Cañiza 2006-2008

1.- Organismo/Entidad responsable

.....

2.- Área de actuación do I PIOM na que se inclúe (Sinalar cun círculo)

1 2 3 4 5 6 7

3.- Obxectivo do I PIOM (Sinalar cun círculo)

1.1 2.1 3.1 4.1 5.1 6.1 7.1

1.2 2.2 3.2 4.2 5.2 6.2 7.2

4.- Actuación do I PIOM. Sinalar os 3 díxitos correspondentes á actuación ou actuacións do I PIOM con o/os que se relaciona a actividade.

5.- Tipo de actividade (Curso, estudio, exposición, publicación, reunión, etc...)

.....

6.- Denominación da actividade:

.....

7.- Lugar de realización da actividade:

.....

8.- Persoas destinatarias:

.....

9.- Número de persoas asistentes, usuarias ou participantes:

- N° de mulleres:
- N° de homes:
- N° de organismos:
- N° de nenos/os:

10.,. Colaboracións (Asociacións, ONG, Empresas privadas, etc...).

.....

11.- Financiamento:

Organismo:	Orzamento:
Organismo:	Orzamento:

12.- Data de realización:

Día:	Mes:	Ano:
------	------	------

13.- Medios de difusión:

TV	Radio	Prensa
Internet	Carteis	
Anuncios/Bandos		
Correo	Revistas	Contactos personais
Folletos	Audiovisuais	Contactos telefónicos
Outros (Especificar).....		

14.- Valoración cualitativa das persoas destinatarias:

.....
.....
.....
.....

15.- Observacións das persoas implicadas:

.....
.....
.....
.....

16.- Data na que se cubre esta ficha:

Día: Mes: Ano:

17.- Firma persona responsable.